

# Revista Municipal Concello de Piñor

## Destacados:

- Mellora do firme da estrada de Loeda a Piñor.
- Mellora da seguridade viaria entre Fontelo e A Pallota
- Plan de rehabilitación do patrimonio etnográfico.
- Axudas á rehabilitación de vivendas.
- Servizos Sociais
- Aforro no consumo de enerxía eléctrica.
- Mellora do abastecemento de Marañís.

## Sumario:

Recuperación da fonte do Arenteiro e Senra	2
Axudas de rehabilitación vivendas Camiño de Santiago	3
Bono social e termalismo social	4
Axudas de apoio á natalidade, talleres, programas de termalismo	5
Aforro no consumo enerxía eléctrica	6
Mellora do abastecemento en Marañís	7
Piñor Concilia: Nadal e Entroido	8

## I Fase da mellora do firme da estrada de Loeda a Piñor

A estrada que une a N-525 coa localidade de Piñor é o acceso principal á capitalidade do concello. Atopábase nun estado moi deteriorado polo continuo paso de camións pesados, que coas condicións climatolóxicas extremas do verán e do inverno provocaban a rapidez do seu mal estado.

Executouse a primeira fase da mellora do firme da estrada cun orzamento de 50.000 € no ano 2017, e este ano executarase a segunda fase e pintado da mesma, proporcionando un acceso de calidade ó núcleo do concello.

As obras están financiadas íntegramente pola Deputación de Ourense non tendo custe para as arcas municipais.



## Mellora da seguridade viaria na estrada de Fontelo — A Pallota



# Plan de Rehabilitación do Patrimonio Etnográfico

Este ano 2018 continuamos coa mellora e posta en valor do patrimonio dos nosos pobos, recuperando os seus elementos singulares fontes, lavadoiros, fornos,...que tan importantes foron para os nosos antepasados e que eran parte da súa vida cotiá.

Para o Concello de Piñor é un obxectivo prioritario darlle continuidade a ese Plan de Rehabilitación do Patrimonio Etnográfico Municipal iniciado xa no ano 2015 e conta co financiamento da Deputación de Ourense.

Pouco a pouco iremos chegando a todos os pobos.

## Fonte do Arenteiro



## Obras de mellora da Fonte de Senra



# Axudas á Rehabilitación de Vivendas no Camiño de Santiago

A Xunta de Galicia conta cun programa denominado VIVENDAS NO CAMIÑO que ten por obxecto a **rehabilitación de vivendas situadas en parroquias polas que pasa o Camiño de Santiago**.

**No Concello de Piñor** o Camiño de Santiago pasa polas **parroquias de A Canda, Barrán, Carballeda e A Corna**, polo que **terán dereito a optar a esas axudas todos os pobos das parroquias mencionadas**.

## **CONTÍA MÁXIMA DAS AXUDAS:**

- ⇒ Por parte do Plan estatal un máximo de 11.000€ , sen exceder do 35% do custo da obra subvencionable.
- ⇒ Por parte da axuda autonómica 4.000 €, sen exceder do 10% do custo subvencionable.

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS:** Indicadas no Anexo I da orde do 29 de maio de 2017, que se resumen de seguido:

- \* **Obras de mantemento:** da estrutura, das cubertas e fachadas, das instalacións de abastecemento, saneamento, electricidade; de ornato público para adecuala ó entorno de protección do Camiño de Santiago.
- \* **Obras de mellora da eficiencia enerxética:** mediante a mellora do illamento, as carpinterías e as instalacións térmicas.
- \* **Obras de mellora da accesibilidade ás vivendas.**

## **PROCEDEMENTO:**

1- SOLICITAR E OBTENIR A CUALIFICACIÓN DA ACTUACIÓN.

(CUALIFICACIÓN: conformidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo para acometer a actuación e que se poida obter a subvención)

2- SOLICITAR A AXUDA

Se estás interesado infórmate no concello na oficina de oficina de urbanismo, mércores e venres entre 12 e 14 horas consultas á arquitecta municipal.



## Bono Social Eléctrico

O Bono Social eléctrico é un **desconto na factura da luz de entre o 25%** ( consumidor vulnerable) **e o 40%** ( consumidor vulnerable severo) que poden solicitar as persoas que na súa vivenda habitual teñan contratada unha tarifa do Precio Voluntario para o pequeno consumidor cunha potencia contratada igual ou inferior a 10kw e que cumpran os seguintes **límites de renda** establecidos segundo as súas circunstancias familiares:

	RENDA MÁXIMA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	
	CONSUMIDOR VULNERABLE	CONSUMIDOR VULNERABLE SEVERO
<b>UNIDADE FAMILIAR SEN NINGÚN MENOR</b>	11.279,39 €	5.639,69 €
Se ademais algún dos membros ten unha <b>discapacidade igual ou superior ó 33%</b> , é <b>vítima de violencia de Xénero</b> ou <b>vítima de terrorismo</b>	15.039,18 €	7.519,59 €
<b>UNIDADE FAMILIAR CON UN MENOR</b>	15.039,18 €	7.519,59 €
Se ademais algún dos membros ten unha <b>discapacidade igual ou superior ó 33%</b> , é <b>vítima de violencia de Xénero</b> ou <b>vítima de terrorismo</b>	18.798,98 €	9.399,49 €
<b>UNIDADE FAMILIAR CON DOUS MENORES</b>	18.798,98 €	9.399,49 €
Se ademais algún dos membros ten unha <b>discapacidade igual ou superior ó 33%</b> , é <b>vítima de violencia de Xénero</b> ou <b>vítima de terrorismo</b>	22.558,77 €	11.279,39 €
<b>FAMILIA NUMEROSA</b>	Non existe límite	15.039,18 €
<b>PENSIONISTA QUE PERCIBA CONTÍA MÍNIMA</b>	A contía mínima vixente da pensión	7.519,59 €

## Programa de Termalismo Social

O Concello de Piñor informa de que está aberto o prazo para solicitar praza no “Programa de Termalismo Social do Imsero” dirixido a **pensionistas maiores de 60 anos ou en caso de viuvez dende 55 anos.**

Este programa inclúe aloxamento e manutención en réxime de pensión completa ó longo de 10 ou 12 días co tratamento termal básico e que pode ser reumatolóxico, respiratorio, dixestivo, renal, dermatolóxico ou para os nervios, todo isto por uns prezos moi reducidos porque está financiado polo Imsero.

O prazo para presentar as solicitudes e ter prioridade na adxudicación rematará:

- Para as **quendas de FEBREIRO ata AGOSTO de 2018**, ambos inclusive:  
**ata o día 4 de xaneiro de 2018.**
- Para as **quendas de SETEMBRO ata DECEMBRO de 2018**, ambos inclusive:  
**ata o día 11 de maio de 2018.**

Tamén se poderá presentar a solicitude fóra destes prazos para a súa inclusión nunha listaxe de espera que cubrirá as prazas vacantes.

Para tramitar a solicitude poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais do Concello de Piñor.

## Axudas de Apoio á Natalidade

O despoboamento do rural é una realidade en concellos como o noso, onde cada día podemos ver como os nosos pobos xa non teñen nenos percorrendo as súas rúas, ou autobús que vai a escola colle un neno en cada pobo.

Coa finalidade de fomentar a natalidade e de contribuír a un menor despoboamento do rural as Administracións poñen a disposición recursos para paliar esta situación, polo que queremos aproveitar este espazo para informar das axudas que teñen a disposición de todos:

- **Prestación por fill@ menor de 3 anos**
- **Traxeta benvida**
- **Bono concilia**
- **Prestación económica por fill@ ou menor acollid@ a cargo**
- **Programa chegou**

Infórmate nos servizos sociais do concello que che axudarán coa tramitación.

## Talleres Entrenando as Cabeciñas

Os talleres entrenando as cabeciñas impártense no concello a través dun programa posto en marcha pola Mancomunidade do Carballiño, coa finalidade de traballar e mellorar as habilidades cognitivas e una estimulación do funcionamento da memoria.



## Programa de Termalismo da Deputación de Ourense

### **PROGRAMA DE CULTURA TERMAL**

(é requisito cumprir 18 anos)

Inclúe pensión completa ó longo de 2 días de sábado a domingo, con 2 técnicas balnearias por persoa por adulto e a estancia para un menor de 12 anos. ( Dende 86 €persoa)



### ESTABLECEMENTOS BALNEARIOS:

- Balneario de Baños de Molgas
- Gran Balneario do Carballiño
- Balneario de Arnoia
- Balneario de Laias
- Balneario de Lobios
- Balneario de Cortegada

### **PROGRAMA DE TERMALISMO SAUDABLE (é requisito cumprir 50 anos)**

Estancias balnearias: pensión completa ó longo de 6 días de luns a sábado, con 10 técnicas balnearias e programa de animación social. Tamén se financia o billete en tren dende algunha estación termal. ( Dende 184 €persoa)

Tratamentos terapéuticos sen estancia: Tratamentos reumatolóxico, traumatolóxico e respiratorio que poderán ser de:

- 10 técnicas balnearias ó longo de 10 días (Dende 85 €persoa)
- 20 técnicas balnearias ó longo de 15 días (Dende 130 €persoa)
- 35 técnicas balnearias ó longo de 15 días (Dende 195 €persoa)


## Aforro no Consumo de Enerxía Eléctrica

A xestión económica do concello é una prioridade para este goberno, motivo polo cal, dende o inicio da lexislatura tomáronse importantes medidas de racionalización do gasto público, eliminando gastos innecesarios e xestionando con eficiencia e eficacia os recursos dispoñibles; coa finalidade de sanear as contas do concello.

Deste xeito queremos explicar o importante aforro no consumo de electricidade en todo o concello, tanto en iluminación pública como na iluminación e climatización dos edificios municipais.

Ao igual que ocorre nos fogares familiares e nas empresas, as empresas subministradoras e comercializadoras incrementaron o custe da enerxía eléctrica significativamente polo que o concello decidiu tratar de minorar o consumo a través dunha **xestión eficiente dos puntos de luz, controlando as horas de encendido e apagado, avisando das avarías coa máxima inmediatez posible, adaptando as horas de iluminación en función da luz solar e facendo investimentos de reposición da iluminación pública coa colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de acadar o máximo aforro enerxético posible.**

Como se aprecia visualmente no gráfico que recolle a evolución do consumo de enerxía eléctrica en iluminación pública e edificios municipais dende o ano 2015 ata o 2017 o desdenso no consumo de enerxía eléctrica é significativo, prosuciuse un aforro de máis de 108.000 KWh.



## Mellora do Abastecemento de Maraños

O Concello de Piñor executou durante o mes de decembro as obras de **mellora da rede de abastecemento do núcleo de Maraños**.

As obras son froito dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Piñor no que a Xunta de Galicia financiou o 100% das obras non supoñendo ningún custe para as arcas municipais.

O obxectivo das obras é mellorar a captación de auga no núcleo de Maraños a través da construción dun depósito regulador e a mellora da canalización existente dende o novo depósito ao pobo, cun **importe de 47.406,34 € financiados integramente pola Consellería e Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**.

Esta obra ven a dar resposta a unha necesidade dos veciños do pobo de Maraños que levan demandando dende fai mais de 10 anos, que ano tras ano tiñan problemas co abastecemento de auga que se agravaban no verán .

O abastecemento de auga aos núcleos é unha prioridade.



# Fotografías de Piñor Concilia : Nadal 2017 e Entroido 2018

Piñor Concilia é un programa de conciliación da vida familiar e laboral que permite ós pais dos cativos do concello, desenvolver as actividades cotiás da vida diaria mentres os seus fillos non teñen escola, ven sexa nos períodos de vacación s ou polas tardes cando remata a escola axudando ós nenos coas tarefas escolares.

Deixamos algunhas imaxes das actividades que organizou o concello este Nadal e do Entroido.



ACTIVIDADES DO NADAL



CAMPIONATO  
DE SLOT



PAZOLANDIA



ENTROIDO

